

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG10I0PH	CON/61/2015	06-05-16 11:43

Número 7 .- Proposta da concelleira delegada de Deportes
relativa á adxudicación do contrato de "Prestación Integral
dos servizos de conserxería e limpeza nas dependencias
deportivas de Conxo".

Destinatario

15078DCMG10I0PH:



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na
sesión ordinaria que tivo lugar o día 06 de maio de 2016
adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 7 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE DEPORTES
RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "PRESTACIÓN INTEGRAL DOS
SERVIZOS DE CONSERXERÍA E LIMPEZA NAS DEPENDENCIAS DEPORTIVAS
DE CONXO".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de
Compostela da proposta, de data 30 de marzo de 2016, da
concelleira delegada de Deportes, Así mesmo, do informe con
observacións de Intervención, nº 2016/167.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Noa Morales Sánchez, concelleira delegada de deportes, e presidenta
da mesa de contratación da licitación "Prestación integral dos
servizos de conserxería e limpeza nas dependencias deportivas de
Conxo", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto
Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado
por RD Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22
do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas
por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0PH	<i>Expediente</i> CON/61/2015	<i>Fecha</i> 06-05-16 11:43

Primeiro: Con data 8 de marzo de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ATLANTIC PONTE 2000 SLU.

Segundo: Con data 10 de marzo, a mesa acorda deixar sen efecto esta proposta de adxudicación, unha vez comprobado que a devandita empresa non estaba ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello, propoñendo, en consecuencia, ó seguinte licitador en orde de puntuación, ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL.

Terceiro: Finalmente, con data 29 de marzo, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa ISS SOLUCIONES DE LIMPIEZA DIRECT SA ó non aportar a documentación esixida no prego relativa a "relación detallada dos medios persoais e materiais que se comprometen a adscribir á execución do contrato, o plan de acción proposto, así como toda a documentación requirida no prego de prescricións técnicas".

SEGUNDO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa ATLANTIC PONTE 2000 SLU ó non estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello.

TERCEIRO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL**, que oferta realizar os traballos por un importe de **22.000 euros** (IVE aparte 21%: 4.620 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, a empresa compromete como melloras gratuitas a favor do Concello, a realización de 60 horas de conserxería e 40 de limpeza das instalacións, a maiores sobre as mínimas fixadas no prego técnico de aplicación.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0PH	<i>Expediente</i> CON/61/2015	<i>Fecha</i> 06-05-16 11:43

Designase como responsable do contrato ó técnico municipal de deportes, D. Juan Garabato Rodríguez.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **020 34200 22799.**"

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

PRIMEIRO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa ISS SOLUCIONES DE LIMPIEZA DIRECT SA, ao non aportar a documentación esixida no prego relativa a "relación detallada dos medios persoais e materiais que se comprometen a adscribir á execución do contrato, o plan de acción proposto, así como toda a documentación requirida no prego de prescricións técnicas".

SEGUNDO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa ATLANTIC PONTE 2000 SLU ao non estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello.

TERCEIRO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL**, que oferta realizar os traballos por un importe de **22.000 euros**, (IVE aparte 21%: 4.620 euros), ao ser a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, a empresa compromete como melloras gratuítas a favor do Concello, a realización de 60 horas de conserxería e 40 de limpeza das instalacións, a maiores sobre as mínimas fixadas no prego técnico de aplicación.

Designase como responsable do contrato ó técnico municipal de deportes, D. Juan Garabato Rodríguez.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **020 34200 22799.**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0PH	<i>Expediente</i> CON/61/2015	<i>Fecha</i> 06-05-16 11:43

De acordo co informe de Intervención mencionado, o inicio da prestación deste servizo queda condicionado á recepción das obras realizadas no campo de fútbol de Conxo.

**A CONCELLEIRA SECRETARIA SUPLENTE DA XUNTA DE GOBERNO DA
CIDADE DE SANTIAGO**

Asdo: Maria Rozas Pérez

